



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

## BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 19 DE NOVEMBRO DE 2014

### ASISTENTES:

Presidente:  
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### CONCELLEIROS/AS:

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE  
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ  
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ  
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO  
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO  
D. FERNANDO VILAR DÍAZ  
D.<sup>a</sup> DELIA PAZ ARDAO

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día dezanove de novembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

### SECRETARIO:

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

## 1. LECTURA E APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA EN DATA 25 DE OUTUBRO DE 2014. ACORDO QUE PROCEDA

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e cinco de outubro de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidadados asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## 2. POS - 2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente ao Pleno da Corporación da proposta da Alcaldía que foi sometida a informe da Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día trece de novembro de dous mil catorce. As obras a incluír

son as denominadas "Mellora da rede de alumado público" e "Reparación da beirarrúa na marxe dereita da AC 564", con importes que ascenden respectivamente ás cantidades de 40.601,85€ e 34.999,99€ a gasto corrente destínase o 40% do Plan, que ascende á cantidade de 50.401,22€. O total do POS 2015 ascende á cantidade de 126.003,06€.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, reiterase o xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do Pleno, no sentido de que se vota en falla nas obras a incluír no POS, que non se faga unha proxección a máis de 3 ou 4 anos; e do mesmo xeito non se consulte aos grupos municipais para a elección de proxectos, dí que aínda que hai outro talante no equipo de goberno seguénse nestes temas con pautas doutros anos.

Sendo as dez horas cinco minutos incorpórase á sesión a Concelleira D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro.

Dí así mesmo que as obras que se van a incluír neste POS 2015, seguramente son necesarias, pero non existe unha proxección e proxectos a longo prazo, e neste punto fai referencia á proposta feita nos derradeiros anos polo grupo municipal do Partido Popular, de dotar de saneamento á zona dos Calzados Remata a súa intervención anunciando a abstención do seu grupo.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu grupo municipal, como xa se manifestou na comisión informativa de asuntos do Pleno, está a favor da inclusión das dúas obras propostas no POS 2015, xa que no seu día AIAC propúxo actuacións no alumado público de cara a reducir o consumo e eficiencia enerxética, incluso planteando a posibilidade do cambio de bombillas tradicionais a lámparas led, e o mesmo ocorre coas beirarrúas que hai que melloralas e adaptalas á mobilidade, anuncia o voto favorable do seu grupo municipal.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, maniféstase que seguro que as obras propostas son necesarias, pero hai que lembrarlle ao equipo de goberno que debe de contar cos grupos da oposición para axudar a pensar nos proxectos que se deben levar adiante.

Remata a súa intervención dicindo que se debe de cambiar a maneira de facer as cousas.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóstase que no respecto á obra de saneamento nos Calzados, levaría polo menos catro anos de POS, e neste intre de adversidade económica a prioridade que debe de ter o concello é o mantemento e a mellora dos servizos xa existentes, fala así mesmo do cambio das lámparas tradicionais polas de led que neste momento non é posible xa que aínda teñen un custo moi elevado e con respecto á obra das beirarrúas que no proxecto xa se contemplan accesos para unha total mobilidade.

Cérrase o debate deste asunto coa intervención do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández para suliñar de que cando fala da obra do saneamento nos Calzados, non dí que haxa que incluíla necesariamente no POS,

senón que deben buscarse fórmulas alternativas, pero para eso hai que ter vontade política.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da corporación, por maioría de votos ( 7 votos a favor da aprobación da proposta da alcaldía dos Sres./Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do P S de G PSOE, AIAC, e Mixto BNG e 2 abstencións do Sr./Sra. Concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular ), adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recoñecen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou Subministración	Deputación	Concello	Presuposto Total
Mellora da rede de alumado público	40.601,85€	0 €	40.601,85€
Reparación da beirarrúa marxe dereita da AC -564	34.999,99€	0 €	34.999,99€
Subtotal obras/Subministracións	75.601,84€	0 €	75.601,84€

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídas na anualidade 2015 e que se realacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	50.401,22€
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0€
SUBTOTAL GASTO CORRENTE DE AMORTIZACIÓN DÉBEDA	50.401,22€

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto
Subtotal obras/Subministracións	75.601,84€	0€	75.601,84€

Subtotal gastos correntes	50.401,€	0€	50.401,22€
Amortización de débeda	0€	0€	0 €
Total	126.003,06€	0€	126.003,06€

2. Non aprobar o Plan Complementario do ano 2015.

3. Declarar que o Concello ten a disponibilidad dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle da cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3. ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do proxecto de orzamentos para o exercicio 2015 que ascenden tanto en ingresos coma en gastos á cantidade de 1.100.000€, sinala que se manteñen practicamente invariadas as partidas correspondentes ao capítulo de persoal e a gastos correntes, sendo os gastos de inversión as obras a incluír no POS 2015 e no PDR da Xunta de Galicia; polo demais dí que se remite ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno, realizada o derradeiro día trece de novembro de dous mil catorce, reiterando que se trata duns orzamentos realistas, tendo en conta os ingresos dos que dispón o concello.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que o seu grupo fixera na Comisión informativa de asuntos do pleno unha oferta para consensuar os orzamentos ou a lo menos falar dalgunhas cousas, pero polo visto a mencionada oferta non foi tida en

conta polo equipo de goberno, ademáis considera que os orzamentos deben explicarse noutros foros ademáis do concello, cousa que xa se está a facer noutros concellos da zona gobernados por partidos de distinta ideoloxía, reitera o xa manifestado na comisión, no sentido de que hai desequilibrios no tema dos salarios e así mesmo no tema do lixo grávase moito ao sector servizos que é un sector punteiro na Capela e o que máis emprego xenera.

Dí que recoñece que a capacidade de maniobra é limitada, xa que a penas queda un 16% de libre disposición para investimentos, pero asegura que debería apostarse e deseñar un concello distinto ao que se está a facer; anuncia que o seu grupo non vai apoiar o proxecto de orzamento para o exercicio 2015.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que como xa manifestou o seu grupo na Comisión informativa de asuntos do Pleno vótase en falla o consenso na elaboración dos orzamentos cos demais grupos, así como a participación veciñal. Por outra banda dí que practicamente os orzamentos son iguais que os dos derradeiros anos, agás o apartado de inversións, se ben é certo que co diñeiro que dispón o Concello, tampouco se poden resolver os problemas máis importantes que ten A Capela, pero de todas maneiras habería que plantexarse facer as cousas doutra maneira, aínda que é ben complicado nos tempos que corren; anuncia a abstención do seu grupo municipal.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, dise estar de acordo co manifestado polos voceiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e AIAC , no sentido de esixir participación ao equipo de goberno nestes asuntos, dí que o seu estado é de cabreo, xa que na Comisión informativa pediu ao equipo de goberno que se falara dos orzamentos co resto dos grupos pero non se fixo.

Remata a súa intervención considerando que hai outra maneira de facer as cousas e refírese expresamente a concellos do contorno nos que se está a facer os orzamentos de xeito participativo, anuncia o voto negativo do seu grupo neste asunto.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dise que o equipo de goberno presenta uns presupostos realistas basados única e exclusivamente nos ingresos que pode ter o concello no exercicio 2015, e sinala que se a administración autonómica asumira as competencias que lle corresponden en materia de sanidade, educación e servizos sociais, o concello disporía de máis diñeiro e dunha marxe de maniobra moito maior.

Remata a súa intervención manifestando que nestes intres o que hai que atender son as demandas reais da xente e polo tanto manter e mellorar os servizos que o concello presta aos veciños.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, dise que para facer os orzamentos hai que rachar a tendencia de tratar asuntos particulares e pasar a facer proxectos en plan colectivo, reitera que o Pleno dos orzamentos é o máis importante do ano e que se debera dar participación na elaboración aos grupos da oposición como ocorre noutros concello arredor.

Polo concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que o tema de fondo é que as cousas fixéronse mal moitos anos e coa marxe que hai agora pouco se pode facer, e que polo tanto hai que tratar de manter os servizos que presta o concello.

Remata a súa intervención dicindo que os males da Capela veñen da xestión feita de moitos anos atrás.

Pola Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro, dise que nos tres anos que leva de concelleira non veu que todos os grupos municipais se organizaran para recoller ideas e facer en común proxectos e mesmo os orzamentos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (4 votos a favor dos Sres/Sra. Concelleiros/a do Grupo Municipal do P S de G - PSOE 3 votos en contra dos Sr. /Sras. Concelleiro/as dos Grupos Municipais do Partido Popular e Mixto BNG e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2015 que neste orzamento ascende á cantidade de 793.720,20€.

2º. Aprobar o orzamento para o exercicio 2015 que comprende os seguintes:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<b>1. OPERACIÓNS NON FINANCIADAS</b>		
<b>1.1 OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Gastos de persoal	323.231,24 €
2	Gastos Corr. Bens e Serv.	574.426,72€
4	Transf. Correntes	23.000,00€
<b>1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Inversións reais	179.342,04€
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1.100.000,00€</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<b>1. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS</b>		
<b>1.1 OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Impostos Directos	236.150,00€
2	Impostos Indirectos	4.000,00€

3	Taxas, prezos públicos e outros	151.664,11€
4	Trasferencias correntes	558.345,05€
5	Ingresos patrimoniais	900,00€
	1.2 OPERACIÓN DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	148.940,84€
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		1.100.000,00€

3º. Aprobar a plantilla de persoal e relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o mencionado exercicio.

4º. Expoñelo ao público no BOP, por un prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co preceptuado no artigo 169.1 do RDL 2/2004 do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

5º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e taboleiro de anuncios do concello, xuntamente coa plantilla de persoal e relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do RDL 781/86 do 18 de abril, e artigo 169.3 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, que aproba o TRLFL.

6º. Que de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL deberá remitirse copia do orzamento aos organismos competentes da Administración do Estado e Autonómica.

#### **4. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 10/2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos nº 10/2014, por importe de 28.644,86 € resultantes do Convenio de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para a execución da obra denominada "Ampliación da rede de sumidoiros na Estoxa".

Este asunto foi informado por unanimidade na derradeira comisión informativa de asuntos do pleno, realizada o derradeiro día trece de novembro de dous mil catorce.

Polos voceiros dos Grupos Municipais do Partido Popular, AIAC e Mixto - BNG, remítense ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 10/2014 pola modalidade de suplemento de crédito con cargo a novos ingresos, de acordo co seguinte cadro:

CAPÍTULO	Consignación Inicial	Xeración de Créditos	Transf. Negativas	Transfer enc. Positivas	Total Consignac. Resultante
I Gtos Persoal	343.858,85€				343.858,85€
II Gtos Bens Correntes	573.504,38€				573.504,38€
III Gtos Financieros	0.00€				0,00€
IV Transf. Correntes	18.700,00€				18.700,00€
VI Investimentos Reais	414.915,55€	28.644,86 €			443.560,41€
VII Transf. de Capital	1.941,70€				0,00€
VIII Activos Financieros	0,00€				0,00€
IX Pasivos Financieros	0,00 €				0,00€
TOTAL	1.352.920,48€	28.644,86€			1.381.565,34€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente, con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

#### **5. ORDENANZA FISCAL TAXA POR CELEBRACIÓN MATRIMONIOS CIVÍS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente da redacción da ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola celebración de matrimonios civís, que foi informada favorablemente na derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día trece de novembro de dous mil catorce.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que efectivamente debe regularse este asunto, pero parécelle un pouco caro as cuotas previstas na taxa e dubida sobre a legalidade da discriminación introducida na taxa entre os veciños da Capela o os de fora do concello.



Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu grupo está a favor deste asunto e reitera o xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Remata o debate deste asunto coa intervención da voceira do Grupo Mixto - BNG, D<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, que lle parece ben que se regule este asunto, pero os veciños da Capela debería quedar exentos da taxa pola prestación deste servizo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (8 votos a favor dos Sres. /Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do P S de G-PSOE, Partido Popular, e AIAC e 1 abstención do Grupo Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

1º Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola celebración de matrimonios civís.

2º. Expoñela ao público polo prazo de trinta días no BOP e taboleiro de anuncios do concello.

3º. No suposto de que non se presentasen reclamacións, durante o período de exposición pública entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza fiscal no BOP.

## **6. RECTIFICACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente dos datos correspondentes á rectificación a 1 de xaneiro de 2014 do Padrón municipal de habitantes, cos seguintes datos:

<b>CONCEPTOS</b>	<b>TOTAL</b>	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
Poboación de dereito 1/1/2013	1.366	681	685
Alta dende 1/1/2013 ata 1/1/2014	25	9	16
Baixa dende 1/1/2013 ata 1/1/2014	35	20	15
Variacións por erro no sexo			
Altas	0	0	0
Baixas	0	0	0
Poboación de dereito a 1/1/2014	1.356	670	686

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que os datos son escalofriantes pero son datos e punto.

O medio rural está perdendo unha cantidade considerable de xente non somentes na Capela senón en toda Galicia, e tendo en conta que é unha filosofía da vida que non fai mal a ninguén debería de potenciarse. Reflexiona sobre que algo de culpa tivemos todos no sentido de que puideronse facer moitas cousas e non se fixeron, pero aínda así considera que A Capela ten un futuro envidiable pola súa situación xeográfica e loxística como o enclave natural e demáis.

Polo Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Fernando Vilar Díaz, dise que quen impide que o rural medre e vaia para adiante son os dous grandes partidos PP e PSOE, xa que todo son impedimentos para prestar os servizos para que a xente poida vivir no rural.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, manifesta que non hai nada que obxectar aos datos da rectificación do Padrón municipal de habitantes.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar a rectificación do padrón municipal de habitantes referida a 1 de xaneiro de 2014.

## **7. INFORME DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 3º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014.DAR CONTA**

A petición do Sr. Alcalde-Presidente, polo Secretario - interventor do Concello, dase conta do informe de execución orzamentaria do terceiro trimestre correspondente ao exercicio 2014, que foi remitido ao Ministerio de Facenda e administracións públicas o día vinte e catro de outubro de dous mil catorce, e que contén os seguintes aspectos máis salientables:

1º . O Concello non cumpre neste tercer trimestre do exercicio 2014 co obxectivo de estabilidade orzamentaria, cifrándose o déficit na cantidade de 27.318,26 €.

2º. O Concello cumpre coa regra de gasto.

3º. O Concello cumpre co nivel de débeda que na actualidade é 0 €.

No informe de secretaría - intevención faise referencia ás disposicións legais e especialmente aos artigos 18 e 21 da Le orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

O Pleno queda enterado.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas cincuenta e dous minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López



O Secretario,

José A. Meizoso Paz

